

Comunidade Autónoma / Departamento / Estado	GALICIA
Municipio	SARRIA
Edificio	Igrexa de San Salvador de Sarria
Dirección	Rúa do castelo, 7. 27600
	42.776763 -7.417561
Protección	
Descrición	A Igrexa de San Salvador de Sarria está datada no século XIII. Construída en cantaría, consta dunha nave rectangular, con teitume de madeira con cuberta a dúas augas e ábsida semicircular. Encadrada no gótico primitivo, presenta na fachada norte un Pantocrátor de trazado arcaizante. A espadana é unha obra posterior, concretamente do 1860, feita polo construtor sarriao Francisco Castiñeira. Contén algún elemento románico, ademais de arcos e portas góticas, A ábsida é de traza románica de transición, con tramo rectangular e cabeceira semicircular, con bóveda de canón e cuarto de esfera, respectivamente. No frontispicio ten unha porta gótica, e no muro norte ábrese unha porta de transición con elementos arcaizantes. Esta ten arco lixeiramente apuntado, formado por arquivolta de baquetonilla, chapiteis con follas e bastóns e unha cabeza humana. No tímpano vese, para uns autores a figura de Cristo en Maxestade, e para outros a de Melquisedec, e mesmo a do rei David, en actitude de bendecir, con inxenuos trazos, no medio de árbores esquematizadas, rematados por unha cruz grega (cruces inscritas en círculos); os canzorros da parte norte representan cabezas humanas, rolos, rosetas e puntas de cravo. Nesta fachada hai numerosos signos lapidarios. Son notables as ferraxes ornamentais, tamén de época medieval, existentes na porta norte.
Campás	2 campás.
Fotos	2
Toques actuais de campás	
Conservación, mantemento	
Propostas	
Autors da documentación	Panel informativo do concello de Sarria.
Data	14-07-2022

Campás actuais

Localización	Campá	Fundidor	Ano de fundición	Diámetro (en cm)	Peso
--------------	-------	----------	------------------	------------------	------

Espadana	Campá menor (2)		1787	55	96
Espadana	Campá maior (1)	BLANCO PALACIOS, ANTONIO (MONDOÑEDO)	1885	65	159

Información completa: [Igrexa de San Salvador de Sarria - SARRIA \(GALICIA\)](#)

PDF (15-09-2026)